



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

I.E.S. 12 DE OUTUBRO

Av. de Santiago, 2

32001 Ourense

Teléfono: 988788211

ies.12.outubro@edu.xunta.gal

www.12outubro.gal



FONDO SOCIAL EUROPEO
"El FSE invierte en tu futuro"

AUTORIZACIÓN DE SAÍDA DE ALUMNADO DE BACH. E CC.FF. NOS RECREOS

Segundo a **“Resolución do 23 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para permitir a saída do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021”** para poder permitir a saída durante o recreo do alumnado deberanse cumprir as seguintes condicións: (ver enlace Resolución)

- 1. O permiso** para abandonar o recinto escolar do alumnado maior de 16 anos **terá carácter absolutamente extraordinario e estará vinculado**, polo tanto, **á duración da situación excepcional derivada da pandemia orixinada pola COVID- 19.**
- 2. O permiso estará limitado** aos alumnos e ás alumnas **maiores de 16 anos** que cursen ensinanzas **de Bacharelato, e Ciclos Medios ou Superiores de Formación Profesional sempre que os seus proxenitores ou titores legais asinen a autorización correspondente** (salvo no caso de menores emancipados ou maiores de idade) e eles mesmos **se comprometan, mediante compromiso educativo para a convivencia, a manter no exterior do recinto as medidas de seguridade previstas nos protocolos e recomendacións sanitarias, así como a retornar á actividade lectiva en tempo e ordenadamente evitando situacións de aglomeración, segundo os modelos elaborados para tales fines**
- 3. Será requisito imprescindible para acollerse a este permiso a solicitude expresa e por escrito, por parte da dirección do centro, á Xefatura Territorial de Ourense, logo da aprobación da proposta por parte do Consello Escolar.** (ver solicitude)
Dita solicitude foi presentada pola dirección con data 06 de novembro de 2020 previa aprobación, por maioría absoluta, do Consello Escolar con data 05 de novembro de 2020.
Logo do informe da inspección foi **aprobada a solicitude con data 06 de novembro de 2020.**(ver escrito de aprobación)
- 4. Recadaranse as correspondentes autorizacións de proxenitores ou titores legais, para o cal remitirase información completa ás familias mediante a publicidade da medida na páxina Web do centro , e enviando un aviso por mensaxería Abalar da implantación desta . Ás dúbidas ao respecto poderanse solventar mediante chamada ao centro ou envío de correo electrónico.**
O modelo de “Autorización de saída do recinto escolar no recreo” será colgado na Web (editable pdf) para que unha vez cuberto sexa impreso, asinado e entregado á titora/or correspondente o cal o entregará á dirección do centro (descargar modelo)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

I.E.S. 12 DE OUTUBRO

Av. de Santiago, 2

32001 Ourense

Teléfono: 988788211

ies.12.outubro@edu.xunta.gal

www.12outubro.gal



FONDO SOCIAL EUROPEO
"El FSE invierte en tu futuro"

5. Unha vez obtida a autorización, o Centro obterá a sinatura do compromiso de convivencia por parte do alumnado interesado no marco dunha sesión de tutoría na que se explicarán pormenorizadamente as regulamentacións aplicables, así como as responsabilidades que o alumnado asume.
O **modelo de "Compromiso educativo para a convivencia"** estará colgado na Web (editable pdf) e será enviado aos titores para que sexa cumplimentado na clase e recollido unha vez asinado polo alumnado para ser posteriormente entregado á dirección do centro (descargar modelo).
6. O centro informará ao Concello de Ourense da implantación da medida, para contar co apoio das Forzas e Corpos de Seguridade no control nas inmediacións do centro durante o tempo de recreo.
7. As condutas contrarias á convivencia que se poidan producir no tempo que o alumnado pase fóra do centro rexeranse polo establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
As medidas correctoras aplicables serán incompatibles co exercicio deste permiso excepcional polo tempo que se determine, polo tanto o alumnado que incumpla o declarado no compromiso educativo para a convivencia poderalle ser retirado o permiso de saída.